

MARÉ

Os escritores lembrarán o traslado do cadáver de Rosalía

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) lembrará o 15 de xullo, nun acto cívico, o traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro, que tivo lugar o 25 de maio de 1891. Un tren, identificado como *Follas Novas*, partirá da estación da Matanza, ao carón da ca-

sa de Rosalía, ese día ás 16,30 horas para facer o traxecto Padrón-Compostela. Previamente, haberá unha concentración na colexiata de Santa María de Iria, no cemiterio de Adina, onde o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, informará do sentido dos actos.

